



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**ADOLFO CASTRO CARPINTERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONDARIZ  
BALNEARIO (Pontevedra).**

**CERTIFICO:** O Pleno do Concello de Mondariz Balneario, en sesión ordinaria realizada en data 28 de febreiro de 2019 adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

“Conceder ao Foro E. Peinador a medalla honorífica do Municipio de Mondariz Balneario, medalla “M B”, na súa categoría de ouro, en base as seguintes **CONSIDERACIÓNS:**

Mondariz-Balneario foi o berce onde naceu e se desenvolveu unha parte importante do pensamento económico galego, seguindo as liñas tracexadas polas aspiracións do Rexurdimento Galego de fins do século XIX, que tivo neste ámbito a Alfredo Brañas como argallador dunha utopía, e que Enrique Peinador soubo recoller e reactualizar.

Enrique Peinador Lines foi un animador fundamental dese proceso de regaleguización, que deica entón tivera na creación literaria a única ferramenta para acadar o ideal dunha Galicia máis dona de seu.

Conquerir o éxito empresarial e a proxección internacional utilizando como medio incentivador a diferenza no contexto da globalización dos mercados que por entón experimentaron a súa aparición, e buscarlle á nosa lingua e cultura novos aliados e espazos para a súa expansión e prestixio social, foi a contribución máis salientable da estratexia que Enrique Peinador Lines soubo tecer en tempos nos que a nosa cultura e o noso idioma tiñan na tradición rural o seu acubillo natural. O tránsito desa realidade a outra que estaba a producirse no mundo no comezo do século XX, había que facelo levando da man o noso patrimonio identitario, sen complexos, para que non se perdese no balbordo daqueles grandes mudanzas políticas, económicas e sociais.

A filosofía da Responsabilidade Social Empresarial ou Corporativa como unha boa práctica na levanza dos negocios, tivo no Balneario de Mondariz e na súa embotelladora de augas mineiromedicinais o seu campo experimental.

A transversalidade da política empresarial creada e dirixida por Enrique Peinador Lines foi merecente de atencións no seu tempo pola singularidade das iniciativas que aquí xermolaron.

Falar hoxe da sociedade do coñecemento é obrigado nos discursos da modernidade. Pero xa antes, en Mondariz-Balneario, xa se albiscaban por onde ían ir os ventos no futuro e aquí practicouse con audacia e habelencia o precurso do que hoxe está na boca de todos se se trata de definir a complexidade do momento que estamos a vivir.



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Aquí practicouse a alianza empresarial e científica, con grandes acordos coa Universidade compostelán, deseñándose a creación dun Instituto Hidrolóxico e unha residencia para profesores e estudantes da Facultade de Medicina. Xa que logo, aquí puxéronse os piares da sociedade do coñecemento tal e como hoxe a entendemos. Fomos exemplo para moitas institucións e centros de investigación máis aló do Padornelo.

De todo isto ben pouco se soubo ata que o Foro E. Peinador o puxo en solfa. Sacou de debaixo da frouma da historia feitos senlleiros que tiveron como protagonistas aos homes de ciencia e do pensamento económico que converteron as salas do Balneario en ágora para o debate e laboratorio para reformular o futuro do País. E todo por suxestión de Enrique Peinador Lines, incansable animador do proceso de reconstrución de Galicia.

Esta tarefa de recuperación da nosa historia foi realizada polo Foro E. Peinador, que levou aos espazos universitarios e empresariais esa filosofía de desenvolvemento económico en alianza coa ciencia e a identidade que experimentou en Mondariz-Balneario o nacemento dese corpus teórico e práctico, facendo realidade o aforismo de que non hai que ser unha gran potencia para crear grandes potencialidades. Abonda coa imaxinación e a vontade para alcanzar o imposible.

O Foro E. Peinador restaurou a súa memoria acadando o respecto e admiración dun amplo sector do empresario que está a sumarse a aquela histórica e fecunda filosofía de asociar economía, progreso e regaleguización.

Con tales antecedentes todo semella que a fórmula aritmética ideada polos teóricos da economía para o desenvolvemento económico expresada nos guarismo I+D+i, foi creada por volta dos primeiros anos do século XX aquí, coa novidade xa de terlle engadido entón un sumando máis, o do "G" de galeguidade.

Debémonos sentir orgullosos os mondaricense do Balneario de termos antecedentes tan decisivos na configuración do progreso económico de Galicia, que hoxe ten na articulación do territorio o medio para dinamizar as grandes áreas metropolitanas –agora que se está a falar do transporte que as una, fainos pensar o tempo perdido por ter fanado a guerra civil o tranvía Vigo-Mondariz, que había ter outro ramal que unise o Balneario coa vía férrea de Salvaterra. A estrutura agraria da comarca como fornecedora de produtos agroalimentarios á grande urbe de Vigo tamén estivo nos debates de Mondariz-Balneario, que anos despois un epígono, Ramón Obella Vidal, desde a Granxa de Pías quixo levar a cabo. O turismo baseado na protección do patrimonio cultural e no fomento de medidas salvagardadoras do medioambiente, foron os vectores que Peinador manexou para agrandar a nosa realidade local nun contexto territorial chamado a ser o máis importante de Galicia.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
RAI NFARIO

Recoller do pasado eses fitos cos que tecer a reconstrución dese pensamento innovador é unha tarefa que está a facer o Foro E. Peinador, convertendo a Mondariz-Balneario nunha referencia no conxunto do País. Velaí están as edicións das biografías de Enrique Peinador Lines, o persoeiro fundamental; a de Isidro Parga Pondal, que foi director científico do Balneario, e os seus monumentos situados ao pé das facultades de Ciencias no campus universitario de Santiago de Compostela e na Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo, nun intento pedagóxico por levar ás promocións de universitarios o coñecementos desas figuras imprescindibles do coñecemento e progreso de Galicia, tan identificadas coa nosa Vila, e o monumento a Enrique Peinador Lines localizado nos xardíns do Balneario, que é, sen dúbida a icona escultórica que máis proxección internacional ten. E a de Ramón Obella Vidal, fundador dos laboratorios Zeltia, unha empresa modélica no seu tempo, que unha vez vendida a Antonio Fernández López, deu pé para que Obella mercase a finca de Pías onde quixo desenvolver o espírito da agricultura experimental e científica alentada por Peinador, chegando a facer os primeiros elaborados que hoxe coñecemos co nome de iogures.

O Foro E. Peinador ten traído a Mondariz a celebración de varios eventos. Cómpre salientar o encontro que mantiveron cos académicos da Real Academia Galega para debateren o presente e futuro da lingua galega tendo na economía o móbil máis eficaz.

A celebración anual do Día da Galegitude Empresarial, sempre dedicado a un empresario que reúna as características de Enrique Peinador Lines, e os actos de investidura de galegitude empresarial, son actos dun movemento contínuo que levan asociados nas convocatorias a Peinador e a Mondariz.

O Foro E. Peinador é un eficaz embaixador da imaxe de Mondariz-Balneario e do pensamento económico desenvolvido aquí. Por esta razón e outras que sería prolífico enumerar, concedéselle a Medalla de Ouro do Concello en recoñecemento ás moitas actividades que engrandecen a nosa historia.”

E para que conste e surta o seus debidos efectos expido a presente co visto e praxe, do Sr. alcalde en Mondariz Balneario a trece de abril de dous mil sete.-

Vº pª

O ALCALDE